

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL NEGREIRA

Aprobación definitiva e publicación do texto íntegro das bases reguladoras de axudas para adquisición de libros de texto e material escolar
ANUNCIO

Efectuada a aprobación definitiva tácita, ó non terse presentado reclamacións, das Bases reguladoras das convocatorias de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar destinado ás unidades de convivencia con menor poder adquisitivo que teñan nenos/as o seu cargo matriculados en 4º, 5º e 6º curso de Educación Infantil (2º ciclo) en centros públicos do Concello de Negreira, a continuación publícase o texto íntegro das mesmas en cumprimento do artigo 70.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Bases reguladoras das convocatorias de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar destinado ás unidades de convivencia con menor poder adquisitivo que teñan nenos/as o seu cargo matriculados en 4º, 5º e 6º curso de Educación Infantil (2º ciclo) en centros públicos do Concello de Negreira.

1.- OBXECTO

É obxecto de estas bases regular a concesión de axudas en especie para a adquisición de libros de texto e material escolar ás unidades de convivencia con menor poder adquisitivo do Concello de Negreira que teñan nenos/as o seu cargo matriculados no curso académico corrente en 4º, 5º ou 6º curso de Educación Infantil (2º ciclo) nos centros públicos do Concello de Negreira.

2.- NATUREZA XURÍDICA.

As axudas que se conceden teñen carácter de subvención. Rexe o disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local; na lei 5/1997, da administración local de Galicia; na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento; na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei, así como o Regulamento de Servizos das corporacións locais.

3.- DESTINATARIOS

As unidades de convivencia con menor poder adquisitivo residentes no Concello de Negreira. A efectos de presentación de solicitudes serán os pais, nais ou titores legais de nenos/as matriculados no curso corrente en 4º, 5º ou 6º curso de Educación Infantil (2º ciclo) nos centros de ensinanza pública do Concello de Negreira que reúnan os requisitos dos artigos 8 e 9.

4.- OBXETIVOS

Preténdese axudar ás familias con menor poder adquisitivo a mercar os libros de texto e o material escolar preciso para que os seus nenos/as acudan ós centros educativos de ensinanza pública de Negreira en igualdade de condicións e poder garantir así que teñan as mesmas oportunidades na aprendizaxe.

5.-ORZAMENTO

A contía máxima destinada a cada convocatoria determinarase por Decreto de Alcaldía previo informe de Intervención.

6.- CONTÍA DAS ACHEGAS.

A axuda é en especie, mediante a entrega de vales que se farán efectivos nas librerías de Negreira. Cada vale ten un valor de 50€. Pode concederse un vale por cada neno/a que teña o solicitante matriculado en 4º, 5º ou 6º curso de Educación Infantil (2º ciclo) no curso corrente nun centro de ensinanza pública do Concello de Negreira.

7.- COMPATIBILIDADE

As axudas serán incompatibles con calquera outra axuda que puidera percibir o solicitante coa mesma finalidade de outras institucións públicas ou privadas.

8.- SOLICITANTES.

a) Poderán solicitar esta axuda os pais e nais -ou titores legais- dos nenos e nenas cos que conviven, sempre que estean matriculados en 4º, 5º ou 6º curso de Educación Infantil (2º ciclo) no correspondente curso escolar nun centro de ensinanza pública do Concello de Negreira e non superen o límite de ingresos fixado no artigo 9.

b) Os solicitantes deberán cumprir, ademais dos requisitos recollidos no artigo 13.2 da Lei 18/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, os requisitos establecidos nestas bases.

c) A persoa solicitante debe ser o pai, nai ou titor legal que convive no enderezo no que está empadroado o neno/a para o que solicita a axuda.

9.- REQUISITOS

a) Tanto o solicitante coma os nenos/as para os que solicita a axuda deben estar empadroados no Concello de Negreira con data de alta no padrón municipal anterior á publicación de estas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Acreditarase mediante a aportación do certificado de convivencia no que se faga constar a data de alta.

b) Os nenos ou nenas para os que se solicita a axuda teñen que estar matriculados en 4º, 5º ou 6º curso de Educación Infantil nun centro de ensinanza pública do Concello de Negreira no momento de facer a solicitude.

c) Os solicitantes deberán estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Seguridade Social; así mesmo, deberán estar ao corrente das súas obrigas co Concello de Negreira.

d) Os ingresos totais da unidade de convivencia non poden superar os seguintes límites:

NÚMERO DE PERSOAS NA UNIDADE DE CONVIVENCIA	LÍMITE MÁXIMO DE INGRESOS TOTAIS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA
2	646 €/mes / 9.044€ al año.
3 ou 4	853€/mes / 11.942€ al año.
Máis de 4	1.066€/mes/ 14.924€ al año.

10.- VALORACIÓN DOS INGRESOS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA

a) Para a valoración e concesión de esta axuda, enténdese por unidade de convivencia a formada por todas as persoas que figuren empadroadas no mesmo domicilio que o solicitante e o neno/a para o que se solicita a axuda con data anterior á data de publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

b) Calcúlase o límite máximo de ingresos da unidade de convivencia facendo a suma de todos os ingresos de todas as persoas que conviven no domicilio do solicitante. Obtense a cifra total de ingresos permitidos atendendo ó IRPF do exercicio anterior ó considerado dos membros da unidade de convivencia ou certificado de imputacións e a outros ingresos declarados conforme o esixido nestas bases que sexan anteriores á publicación das bases. En caso de superar os límites máximos fixados na táboa do artigo 9 a axuda será denegada.

c) No caso de ter presentado a referida declaración do IRPF, atenderase ó importe que figure na parte xeral da base imponible do imposto (cadros 455 e 465 da declaración). E no caso de non ter presentado a declaración do IRPF, por non estar obrigado, será obrigatoria a entrega do certificado de imputacións da AEAT para poder acceder a esta axuda. Ademais será necesario entregar a documentación esixida no artigo 11 apartado c.6.

11.- LUGAR, PRAZO E DOCUMENTACIÓN.

a) As solicitudes deberán presentarse debidamente cumprimentadas, no Rexistro Xeral do Concello de Negreira, ou en calquera dos rexistros públicos aos que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

b) O prazo de presentación de solicitudes e da documentación esixida nestas bases será de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

c) Documentación que debe achegar o solicitante xunto coa solicitude:

1- A solicitude, deberá presentarse utilizando o modelo normalizado (anexo I), completamente cuberto e asinado pola persoa solicitante (pai, nai ou titor legal que conviva no mesmo domicilio no que figura empadroado o/a neno/a). Debe indicar o nome do menor ou dos menores, o centro escolar e o curso para o que solicita a axuda. A presentación da solicitude leva consigo a aceptación incondicional das bases reguladoras e da convocatoria.

2- O anexo II (certificado de matrícula) e o anexo III (declaración xurada declarando que non perciben outros ingresos distintos dos declarados coa documentación aportada)

3- Fotocopia do DNI do solicitante

4- Certificado de convivencia no que se faga constar as persoas que convivían no domicilio na data anterior á data en que se publique a convocatoria no BOP da Coruña.

5- Fotocopia da declaración do IRPF do ano anterior ó corrente de todos os membros maiores de idade da unidade de convivencia. No caso de non ter presentado a declaración da renda, deberán aportar os certificados de imputacións da AEAT.

6- Deberán aportar a seguinte documentación só as persoas que perciban ingresos por pensións ou por pagos do SEPE:

- As persoas perceptoras de pensións de incapacidade, deberán presentar obrigatoriamente o certificado de pensión.
- As persoas desempregadas, deberán aportar o certificado do SEPE do cobro de prestacións.
- Os/as pensionistas, deberán aportar o xustificante de pensión.
- As persoas separadas ou divorciadas, deberán entregar copia dos xustificantes das aportacións económicas recibidas conforme o establecido na sentenza.

12.- CORRECCIÓN DE ERROS E APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN REQUERIDA:

En caso de deficiencias ou omisións deberá emendarse tras requirimento, no prazo de dez días desde a notificación feita a través do taboleiro dos Servizos Sociais do Concello de Negreira. Transcorridos os dez días sen achegar a documentación solicitada terase por desistido da petición.

13.- VALORACIÓN, CONCESIÓN E PAGO.

a) As axudas serán concedidas por orden de menor poder adquisitivo a maior poder adquisitivo ata esgotar o orzamento asignado.

b) O pagamento das axudas será en especie, mediante a entrega de vales nominativos por valor de 50 € por cada fillo/a a cargo para o que se conceda a axuda.

c) As unidades de convivencia que, aínda reunindo os requisitos non aparezan na lista de axudas concedidas, quedarán en lista de espera, xa que poderán concederse máis axudas, respectando a orde da lista de espera, no caso de que se produzan renuncias.

d) A valoración da concesión destas axudas corresponde ao Departamento de Servizos Sociais. Dito departamento realizará cantas actuacións estime necesarias para determinar os datos económicos da unidade de convivencia e comprobar que a información recibida por parte do solicitante é certa e non supera o límite máximo de ingresos establecido nestas bases, para formular as propostas de resolución. A resolución definitiva corresponderá á Alcaldía.

e) O prazo máximo para a resolución definitiva das peticións de estas axudas será de un mes a contar dende que remate o prazo de presentación de solicitudes.

14.- PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

a) Toda publicación/notificación á que faga referencia estas Bases realizarase mediante publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Negreira situado na pranta baixa correspondente a Servizos Sociais. A publicación substituirá á notificación persoal e terá os mesmos efectos, segundo a Lei 30/1992.

b) A resolución provisional publicarase en dito taboleiro, sito na Rúa do Carme nº3. Dende ese momento haberá un prazo de dez días naturais para presentar renuncia mediante o anexo 4 no Rexistro Xeral do Concello. De non producirse manifestación expresa entenderase aceptada tacitamente.

c) Nas listas provisionais reflectiranse todas as solicitudes e o seu estado: concedido, denegado ou en lista de espera para concesión en caso de renuncia por parte de algún beneficiario.

d) Tanto a lista provisional como a lista definitiva publicarase utilizando o número de DNI dos solicitantes das axudas.

e) A lista definitiva publicarase transcorridos dez días naturais dende a publicación da lista provisional.

15.- PERDA DO DEREITO Á AXUDA

Son motivo de perda á axuda en especie concedida a ocultación de información, calquera falsidade detectada e o mal uso dos vales.

16.- RECURSOS E IMPUGNACIÓNS

As presentes bases e os actos administrativos que se deriven de estas bases poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma prevista na Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa e contra ela caberá a interposición do recurso contencioso – administrativo no prazo de 2 meses. Non obstante, os interesados/as poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que dictou a resolución no prazo de un mes, en cuxo caso o prazo para a presentación do recurso contencioso – administrativo comezará a contarse dende a notificación da resolución desestimatoria, se fose expresa ou despois da súa desestimación tácita, que se producirá si no prazo de un mes non se resolve o recurso de reposición interposto (lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).

17.- ENTRADA EN VIGOR

Estas bases reguladoras entrarán en vigor ó día seguinte da súa publicación no BOP, permanecendo vixentes ata a súa modificación ou derogación.

Convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar destinado ás unidades de convivencia con menor poder adquisitivo que teñan nenos/as o seu cargo matriculados en 4º, 5º ou 6º curso de Educación Infantil (2º ciclo) en centros públicos do Concello de Negreira.

ANEXO 1**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN.**

Nome e Apelidos (Solicitante) _____

DNI: _____

Enderezo: _____

Localidade _____

Teléfono: _____ Correo electrónico _____

Tendo coñecemento do establecido nas bases que regulan as axudas convocadas polo Concello de Negreira para a adquisición de libros de texto e material escolar destinado ás unidades de convivencia con menor poder adquisitivo que teñan nenos/as o seu cargo matriculados en 4º, 5º ou 6º curso de Educación Infantil (2º ciclo) en centros públicos do Concello de Negreira.

SOLICITO a concesión da achega para as persoas sinaladas:

Nome do alumno/a	Centro educativo	Curso

En Negreira a _____, de _____.

SINATURA (do Solicitante):

Convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar destinado ás unidades de convivencia con menor poder adquisitivo que teñan nenos/as o seu cargo matriculados en 4º, 5º ou 6º curso de Educación Infantil (2º ciclo) en centros públicos do Concello de Negreira.

ANEXO 2

CERTIFICADO DE MATRÍCULA NO CENTRO DE ENSINO.

D/Dª. _____, Secretario/a do centro _____

CERTIFICO

Que o/a alumno/a: _____, está matriculado/a e cursa integramente neste centro estudos de _____, durante o curso _____

En _____ a ____ de _____ de

O/A Secretario/a do centro (sinatura)

Convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar destinado ás unidades de convivencia con menor poder adquisitivo que teñan nenos/as o seu cargo matriculados en 4º, 5º ou 6º curso de Educación Infantil (2º ciclo) en centros públicos do Concello de Negreira.

ANEXO 3

DECLARACIÓN XURADA

D./Dª. _____ co DNI. _____, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar destinado ás unidades de convivencia con menor poder adquisitivo que teñan nenos/as o seu cargo matriculados en 4º, 5º ou 6º curso de Educación Infantil (2º ciclo) en centros públicos do Concello de Negreira.

DECLARO:

1. Que coñezo e acepto as bases da convocatoria e que non estou afectado en causa de incompatibilidade ou incapacidade algunha para percibir subvencións da administración pública.

2. Que todos os membros da unidade familiar están ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Que os abaixo asinantes, somos os únicos integrantes da unidade de convivencia maiores de idade e coñecemos o establecido nas bases da convocatoria e (sinale unha opción)

A) AUTORIZAMOS ao Concello de Negreira para solicitar no noso nome as correspondentes certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, a fin de acreditar o cumprimento destas obrigas.

B) NON AUTORIZAMOS E COMPROMETÉMONOS A APORTAR ORIXINAIS (OU COPIAS COMPULSADAS) DAS CORRESPONDENTES CERTIFICACIÓNS.

NOME E APELIDOS	DNI	SINATURA

En Negreira, a _____ de _____ de

Convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar destinado ás unidades de convivencia con menor poder adquisitivo que teñan nenos/as o seu cargo matriculados en 4º, 5º ou 6º curso de Educación Infantil (2º ciclo) en centros públicos do Concello de Negreira.

ANEXO 4

RENUNCIA

D./D^a. _____ con DNI _____, presento renuncia voluntaria mediante este anexo conforme co establecido nas bases da convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar destinado ás unidades de convivencia con menor poder adquisitivo que teñan nenos/as o seu cargo matriculados en 4º, 5º ou 6º curso de Educación Infantil (2º ciclo) en centros públicos do Concello de Negreira.

En Negreira, a ____ de _____ de

O/A solicitante:

SINATURA

Negreira, 1 de xullo de 2014.

Alcalde-Presidente

Juan J. Rey Maceira

2014/7553